

Berros do Castro e o seu proxecto "Unha imaxe, unha melodía, un recordo..."

Sandra Arrosa en colaboración coa AFC Berros do Castro

"A nosa música" nace a finais do pasado ano grazas á colaboración dun grupo de música tradicional da nosa comarca: "Berros do Castro". Este grupo de Naraio (San Sadurniño) serviu como lanzadeira desta nova sección do noso xornal, coa cal pretendemos amosar a tradición musical desta zona. Rematamos os contidos desta sección cunha reportaxe aos nosos benqueridos colaboradores Berros do Castro, que nos acompañaron durante os últimos meses á pescuda de enriquecedores contactos para os nosos artigos.

Unha ollada atrás


Comenzamos esta andaina en Pegadas falando con "Pepucho", que formara parte do grupo de gaiteros "Os nenos do Eume". Con el falamos de Berros do Castro e utilizamos o seu material (fotos, partituras) para os seus concertos didácticos. "Sen dúbida é un dos colaboradores que máis material nos aportou" afirman. Na seguinte das reportaxes foi Juan Silva o noso colaborador, un dos primeiros integrantes de "Raparigos" e alumno de Constantino Bellón. Antón Varela, reconecido músico e artesán de gaitas, tamén quixo deixar a súa pegada nesta sección, abríndonos as portas do seu taller de gaitas e relatándonos como deixou o seu traballo para adicarse a este oficio; na actualidade é membro de Berros do Castro. O proxecto de Ovidio Pazos non nos pasou desapercibido. Este pontes pon todo o seu empeño en recuperar o patrimonio musical do Eume, desempoando e dignificando aos nosos músicos. E, xa por último, o matrimonio de Lamas composto por Celsa e "Vera" amosounos a labor da súa asociación Donas e Galáns, xurdida de Toxos e Flores- de recuperación da música, dos bailes e do vestir da nosa comarca.

O proxecto de Berros do Castro "Unha imaxe, unha melodía, un recordo..."

Este proxecto nace á raíz dun concurso de creación de espazos web para grupos emerxentes galegos, chamado Nsaio. Eles foron os pioneiros, os que serviron de proba para este espazo. O concurso celebrábase no auditorio do IES Rosalía de Castro, en Santiago. Tratábase



Os compoñentes de Berros do Castro no estudio de gravación Abrigueiro, en Friol



Instrumentos doados para expoñer durante os seus concertos didácticos

de venderse unicamente mediante esta páxina web. "Eramos o único grupo de música tradicional que se presentara. Había heavy, rock, rap... e alí aparecen os "gaiterriños" con fotos caseiras e reais; a xente aplaudíanos. E así foi como gañamos". Deste xeito xurdiu a idea de meter fotos antigas que tiñan pola casa para os seus concertos. "Entón comezou a tolería. Tempo despois nos chamaron para facer un concerto didáctico na Escola de Idiomas, levamos fotos como soporte e nós tocabamos; este foi horrible. Non ensaiáramos nin preparáramos nada". Despois de levar nove concertos deste tipo (un deles en inglés) xa teñen a técnica moi pulida.

Consagrados músicos, agora novos compoñentes de Berros do Castro

Durante este labor de recompilación se lles uniu Antón Varela, aportando así o seu punto de vista como artesán e músico solista; e José Luis Loureiro como músico da Banda de música de Ferrol, integrante da Banda de Santa Cruz de Ribadulla e profesor de música na escola de Cedeira.

Recompilación repleta de anécdotas

"Nesta pescuda de fotos e material coñecemos xente moi curiosa e nos proporcionou moita actuación paralela, entre elas unha das máis curiosas: tocar nun enterro. Era o enterro dun dos fillos dun artesán de gaitas, familia coa que contactamos para facermos con fotos. Foi moi curioso porque se correu a voz pola parroquia de que no enterro habería música. Aínda por encima, había dous mortos co mesmo nome. Posto que non sabíamos os apelidos, preguntámoslle a uns señores de quen era o primeiro enterro. ¡Eles

nos dixeron que non o sabían, que eles viñan pola música! E xa o podes imaxinar... na igrexa non había ninguén, pero cando lle imos a tocar ao nicho estaba o tope".

Outro contacto que fixeron, e un dos primeiros, foi Lucita Nieto, a irmá que queda viva dos "Nieto". "Foi unha das primeiras persoas que nos botou unha man na recompilación. Nos contou a historia dos seus irmáns, das penalidades que pasaban, de que a música era unha forma de ingresos para a familia, tanto que facían ensaios ás dúas da mañá e ningún lles protestaba. Debían de ter unha reputación porque lles fixeron unha homenaxe no teatro Jofre, como dicía Lucita, cando ela aínda era de calcetíns. Esta señora nos ensinou fotos nas que aparece Don Manuel Lorenzo, persoa de renome e fundador do Toxos e Flores, pero referíndose a el de forma moi natural como "o ghordo". Foi algo moi curioso, non sabía a reputación que tiña esta persoa". Ata tal punto era importante a música por aquel entón que un dos irmáns, que estaba na mili en Tetuán (África), pediu que lle enviaran a súa gaita alí, e os pais, facendo un esforzo económico, lle enviaron unha gaita novíña, posto que a que tiña estaba moi vella.

Material con moito valor

Rufino Cuétara faloulles da Sección Feminina, de como se cobraba por ensaio, ademais de por actuación. Tiñan "facilidades" para viaxar, posto que traballaban para o concello e incluso naqueles tempos lle deixaban cobrar á súa muller cando el estaba de xira ou lles limpaban os zapatos.

Moito material e moi diverso foi o que recolleron Berros do Castro. Fotos e partituras que



O grupo ao completo durante unha das súas actuacións

desinteresadamente lles prestaban, ou noutros casos, lles daban que "foran co morto na caixa". Déronse de conta dos diferentes puntos de vista dos familiares, xa que algúns deles eran nenos daquela. "A viúva de Manuel López Vergara, gaitero da Sección Feminina, doou nos punteiros, partituras e libros. Ata unha cinta caseira gravada que a súa neta nos deu, na que Manuel tocaba e, entre peza e peza, cantaba un conto". É dicir, que amais de músicos eran unha especie de "showman" dado que tiñan que facer moitas veces de presentadores.

Proxecto de futuro

"O noso obxectivo principal é tocar, tocar e tocar. Que nos chamen moitas comisións de festas" afirman motivados. Amais disto queren seguir con esta labor de recompilación coa fin de enriquecer este proxecto. Unha das actuacións que teñen en mente é a dun concerto didáctico en Bertamiráns "para nós é todo un reto levar este proxecto fóra da nosa comarca". Tamén teñen en mente unha actuación no Museo da Capela e as II Xornadas de música tradicional en San Sadurniño, que terá lugar o 3 de outubro e conta-

rá con Felisa Segade do grupo Leilía como profesora de canto e percusión tradicional. Outro dos proxectos é a organización dunha exposición de embarcacións tradicionais.

Á parte desta serie de actuacións están a gravar no estudio Abrigueiro de Friol (Lugo) moita da música que van atopando. "Estamos dixitalizando e versionando moito deste material. Xa están gravados catro temas: A xata dos mosquitos (Saturnino Beceiro), Pasadoble de Aires da Terra (autor descoñecido), Un gallego en Cuba (Gumerindo Leira) e Pasadoble de Antonio (Antonio Rial).

"Queremos agradecer desde aquí especialmente a todas aquelas persoas que colaboraron con nós mediante as súas doazóns. Tamén ás nosas señoras que aturan as nosas tolerías e nos aguantan". Tamén manifestan que seguen abertos a novo material e a novas colaboracións para poder continuar na realización deste proxecto.

Dende Pegadas agardamos que así sexa e que o traballo destes rapaces sirva como exemplo para moitos grupos que están a comezar a súa andaina musical no panorama da música tradicional galega.